

BANDO INFORMATIVO

En relación á situación actual da crise sanitaria polo COVID-19 no Concello de Viana do Bolo, esta Alcaldía desexa informar á veciñanza que o Servizo Galego de Saúde vén de confirmar a tendencia á baixa no número de casos no noso Concello, baixando a un **total de 4 positivos**.

Porén, é necesario **manter as medidas de protección habituais**: emprego de máscara, lavado frecuente de mans e distancia de seguridade; así como limitar ao máximo as reunións familiares e sociais, que, lembremos, están restrinxidas a 6 persoas, salvo convivintes.

Finalmente, dende o Concello de Viana do Bolo lamentamos o falecemento, esta pasada fin de semana, dunha residente da Residencia de Maiores da Terceira Idade, e desexamos trasladar as condolencias desta Corporación ós seus familiares e amigos, así coma manifestar o noso profundo pésame nesta difícil situación.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Viana do Bolo a 23 de novembro de 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.
Asinado dixitalmente á marxe.